

Facer

Valer

Galiza

**Con Voz
Propia**

Decálogo
pola defensa
de Galiza
no Congreso





Decálogo
pola defensa
de Galiza
no Congreso

Dez compromisos do BNG cos galegos e coas galegas, para defender no Congreso nun escenario sen maiorías absolutas.

01

Transferencia da AP9.

No inmediato, redución do 30% do custe das peaxes. Se foi posible para as radiais madrileñas, o BNG fará que sexa posible para Galiza.

02

Tarifa eléctrica galega,

para abaratar a factura da luz a empresas e familias. Se é posible a Europeaxe, que lle permite aforrar 60 M€ as empresas vascas, o BNG fará que sexa posible para Galiza.

03

188 M€ para dependencia,

que o Estado debe a Galiza. Compromiso de conseguir o que non logrou Feixóo en dez anos co “gobierno amigo”.

04

Porto exterior da Coruña libre de débedas.

O Estado debe asumir o custe desta infraestrutura e os terreos do porto interior deben pasar a ser propiedade da cidade. Os portos doutros territorios recibiron 5.000 millóns de euros do Estado, con PP e PSOE. O BNG se compromete a conseguir o mesmo para Coruña.

05

Plan plurianual de investimentos de 2.000 M€,

para compensar os recortazos de PP e PSOE nas contas do Estado. O BNG non vai dar nunca o seu apoio a uns orzamentos que discriminen a Galiza.



Decálogo
pola defensa
de Galiza
no Congreso

06

Tren.

Redución do prezo do billete de tren no eixo Ourense-Santiago-A Coruña. Non é de recibo que as persoas que viaxen desde Ourense ou cara a capital das Burgas paguen polo mesmo traxecto até un 60% máis no prezo do billete co resto de usuari@s.

Plan de modernización do tren no interior do país. Modernización do tren entre Lugo e Santiago, e electrificación das liñas entre Ferrol-A Coruña e Guillarei-Valença.

07

Devolución do Pazo de Meirás e da Casa de Cornide.

O BNG defenderá no Congreso que o patrimonio roubado no franquismo sexa devolto ao pobo galego. A lei de memoria histórica non se pode reducir a sacar ao ditador do Val dos Caídos.

08

Saneamento da Ría do Burgo.

Compromiso para que as palas empecen a dragar os lodos en 2020. E, desde logo, reubicación de ENCE fora da Ría de Pontevedra.

09

Calendario de transferencias para Galiza,

a través dunha negociación bilateral do Estado e deixar atrás a recentralización do PP tan negativa para este país.

10

Defensa dos dereitos e liberdades.

Os escanos do BNG servirán para botar abaixo as contrarreformas laborais, a LOMCE e a Lei Mordaza e para impulsar todas aquelas medidas que freen a involución democrática que impulsa o españolismo.